



Formación profesional

Programación das actividades asociadas á contorna laboral

Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
27013958	IES MONTE CASTELO	2019/2020

Ciclo formativo

Código	Nome
CSAFD01	ENSINANZA E ANIMACION SOCIO-DEPORTIVA

Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
ORDINARIO	PRESENCIAL	2º CS EAS

Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos da persoa titora do grupo)

Nome e apelidos
SALVADOR LOPEZ GARCIA

Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas excepcionais no desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e nas ensinanzas de réxime especial.



Introdución e contextualización

Atopámonos ante unha situación excepcional onde se dificulta ou máis ben se imposibilita a posibilidade de realización presencial do módulo de FCT por parte do alumnado de 2º curso deste Ciclo Superior Ensinanza e Animación Sociodeportiva. Son moitos os motivos que se poderían describir para xustificar esta imposibilidade, empezando polo risco sanitario, pero sen deixa de mencionar, tamén, que as empresas deportivas onde habitualmente se desenvolven as prácticas atópanse pechadas. Demorar a realización do módulo de FCT ata que a situación se normalice suporía un gran perxuício para o alumno, dado que a maioría deles desexan continuar estudos académicos, algo que se complicaría sobremaneira, de non poder rematar este ciclo formativo no período ordinario. Por todo isto, ofrécese ao alumnado a posibilidade de rematar este ciclo ca realización dun módulo integrado de FCT + Proxecto cun total de 245 h (220 + 25), que dadas as circunstancias preséntase como a mellor situación posible para o alumnado.

Especificacións das actividades a realizar

(Referencia a un proceso produtivo real ou simulado específico do campo profesional asociado ao ciclo formativo)

O alumnado desenvolverá por tanto, este módulo integrado. Establecerase como referencia unha instalación TIPO, que dispoña de piscina climatizada, ximnasio de musculación, sala para actividades dirixidas, pistas exteriores ou pavillón polideportivo. Poderán basearse nunha empresa real que dispoña destes espazos ou ben nunha situación simulada para desenvolver o traballo. Este módulo integrado que o alumnado vai desenvolver terá como base un guión que o profesor-titor lles facilitará e que deberán seguir, garantindo deste xeito a consecución dos criterios mínimos esixibles dos módulos de FCT e Proxecto, podendo conseguir así unha cualificación final positiva.

Actividades a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado

O alumnado deberá ir desenvolvendo de xeito gradual e progresivo os distintos apartados do módulo integrado de FCT+Proxecto, seguindo rigurosamente o guión e instrucións aportadas polo profesor-titor vía telemática (correo electrónico) a todos os alumnos. Deberán consultar por esta vía, todas as dúbidas que lles vaian xurdindo, que serán respondidas a maior brevidade posible. Ademais deberán de ir informando semanalmente do punto ou apartado no que se atopan na elaboración do traballo e as principais dificultades as que se están enfrentando. O profesor-titor irá supervisando e corrixindo paulatinamente os posibles erros ou imprecisións que vaia observando, circunstancia que poñerá en coñecemento do alumno para que o vaia subsanando.

Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado

(Indicando as que deben realizar de forma individual ou en grupo)





O guiión básico do módulo integrado de FCT + Proxecto que o alumnado deberá seguir é o seguinte:

INDICE

- 1.- ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DA EMPRESA**
- 2.- PROGRAMACIÓN E DESEÑO DE ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN SOCIODEPORTIVA PARA O OCIO E TEMPO LIBRE PARA DISTINTOS TIPOS DE PERSOAS USUARIAS E EN DIFERENTES CONTEXTOS**
- 3.- PROGRAMACIÓN E DESEÑO DE ACTIVIDADES DE XOGOS PARA DISTINTOS TIPOS DE PERSOAS USUARIAS E EN DIFERENTES CONTEXTOS**
- 4.- PROGRAMACIÓN E DESEÑO DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS INDIVIDUAIS PARA DISTINTOS TIPOS DE PERSOAS USUARIAS E EN DIFERENTES CONTEXTOS**
- 5.- PROGRAMACIÓN E DESEÑO DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS DE IMPLEMENTOS PARA DISTINTOS TIPOS DE PERSOAS USUARIAS E EN DIFERENTES CONTEXTOS**
- 6.- PROGRAMACIÓN E DESEÑO DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS DE EQUIPO PARA DISTINTOS TIPOS DE PERSOAS USUARIAS E EN DIFERENTES CONTEXTOS**
- 7.- HÁBITOS ÉTICOS E LABORAIS DO ANIMADOR SOCIO-DEPORTIVO NO DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE PROFESIONAL**
- 8.- DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO PARTICULAR DENTRO DA EMPRESA:**
 - 8.1.- DESCRICIÓN – XUSTIFICACIÓN
 - 8.2.- DESTINATARIOS, LOCALIZACIÓN, ZONA DE INFLUENCIA
 - 8.3.- OBXECTIVOS
 - 8.4.- ACTIVIDADE E CALENDARIO
 - 8.5.- ORGANIZACIÓN E METODOLOXÍA
 - 8.6.- INSTALACIÓNS, RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS
 - 8.7.- PREVISIÓN ECONÓMICA
 - 8.8.- CONCLUSIÓNS E BIBLIOGRAFÍA

O desenvolvemento de todos e cada un destes apartados debe ser dun xeito e características determinadas de antemán, que o alumno coñece para a súa realización.

Horarios previstos para as actividades de tutoría, seguimento, canles de comunicación.

A canle de comunicación fundamental será o correo electrónico. Dáse a circunstancia de ser poucos os alumnos que se atopan nesta circunstancia, o que facilita, sen dúbida, o seguimento individualizado do traballo dos mesmos. O horario será permanente, podendo comunicarnos bidireccionalmente en calquera momento por e-mail, respondendo sempre o profesor-tutor aos correos dos alumnos nun prazo máximo de 24 horas, aunque normalmente será de moito menos. Tamén existe contacto directo de mensaxería a través do teléfono móbil entre o profesor-tutor e o delegado do curso, por se fose necesario para cuestións de certa urxencia. A parte de todo o mencionado anteriormente, semanalmente se fará unha tutoría-seguimento do alumnado por medios telemáticos.

Prazo e formato de entrega das actividades

A data límite para a entrega final do traballo será o venres 05 de xuño de 2.020. Deberase de entregar en dous formatos (un editable e outro en PDF).

Ademáis do anterior, establécense unhas datas de entrega parcial de actividades, para o control, seguimento, supervisión e posibles correccións:

- Venres 08 Maio
- Venres 15 Maio
- Venres 22 Maio
- Venres 29 Maio



Mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva e criterios de cualificación

Os mínimos esixibles serán os seguintes:

- Identifica e describe a estrutura e a organización da empresa, relacionándoas co tipo de servizo que presta.
- Coñece e describe hábitos éticos e laborais no desenvolvemento da súa actividade profesional, de acordo coas características do posto de traballo e cos procedementos establecidos na empresa.
- Programa actividades de animación sociodeportiva para o tempo libre, dirixidas a todos os tipos de persoas usuarias e en diferentes contextos, seguindo as directrices da empresa e colaborando cos equipos responsables dos programas.
- Deseña sesións para o ensino de xogos e actividades fisicodeportivas individuais, de implementos e de equipo, para todos os tipos de persoas usuarias e en diferentes contextos, seguindo as directrices establecidas na programación xeral.
- Aplica de xeito razoable e ten en conta todos os parámetros e variables respecto ao grupo de persoas usuarias, instalacións e material, á hora de dirixir e dinamizar actividades de animación para o tempo libre, xogos e actividades fisicodeportivas individuais, de implementos e de equipo.

Criterios de cualificación:

- Adaptación ao guión de referencia e entrega en prazo **(2 ptos)**
- Presentación do proxecto: Portada, fonte, tamaño, táboas, gráficos, márgenes, encabezados e pé de páxina, paxinación, etc... **(2 ptos)**
- Calidade e Idoneidade dos contidos do proxecto **(6 ptos)**